

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.P. SABARÍS
CURSO: 1º DE PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|---|
| - Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. | - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. |
| - Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| - Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | - Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. |
| - Utilizar estruturas sintácticas básicas. | - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. |
| - Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. | - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. |
| - Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de | - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e |

lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.

ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--------------------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Rexistro de seguimento da entrega de tarefas escritas e dixitais (actividades, traballos e exercicios...).</i> - <i>Revisión e valoración das tarefas escritas e dixitais.</i> - <i>Análise das producións dos alumnos/as (tarefas).</i> - <i>Corrección de tarefas.</i> |
| | <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Portfolio do traballo do terceiro trimestre (non restará, só sumará).</i> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><i>Terá un peso fundamental na calificación final, e seguindo o principio da avaliación contínua, os dous primeiros trimestres presenciais nun 90 % e sumará só si é positivamente ata un 10% máis o terceiro trimestre (se é negativo non se contabilizará e contará a cualificación da 2ª avaliación):</i></p> <p><i>Entrega das tarefas con actividades e exercicios (10%).</i></p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</i> - <i>Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</i> - <i>Utilizar estruturas sintácticas básicas.</i> - <i>Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu</i> |

| | |
|--|---|
| | <p><i>nivel.</i></p> |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Amosa interese e unha actitude positiva de respecto cara á aprendizaxe da lingua inglesa.</i> - <i>Amosa comprensión, mediante respostas verbais sinxelas, de interaccións básicas de saúdo, despedida, presentación e de manifestación sinxela de estados de ánimo.</i> - <i>Utiliza fórmulas orais moi sinxelas da expresión cotiá.</i> - <i>Repite producións orais sinxelas e breves de uso diario cunha pronunciación, ritmo e entoación intelixibles.</i> - <i>Expresa nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</i> - <i>Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.</i> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p><i>Aqueles alumnos que non superaran a primeira ou a segunda avaliación, deberán realizar traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.</i></p> |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | <ul style="list-style-type: none"> - <i>Fichas.</i> - <i>Fichas interactivas.</i> - <i>Vídeos relacionados coa unidade.</i> - <i>Exercicios de elaboración propia.</i> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p><i>A causa desta excepcional situación provocada pola pandemia do Coronavirus, levarase un seguimento de cada alumno/a a través do correo electrónico persoal dos pais e nais de cada neno/a, ou ben mediante a titora, enviando tarefas, (unha ou dúas veces por semana, en función do ritmo de entrega), que deberán realizar e enviar, para proceder a ser corrixidas.</i></p> <p><i>As actividades consisten en fichas, tanto normais coma interactivas, enlaces a vídeos relacionados cos contidos e exercicios de elaboración propia.</i></p> <p><i>Nestas actividades repasarase os contidos dos dous primeiros trimestres e avanzarase nos contidos do terceiro trimestre.</i></p> <p><i>Prestarase especial atención a identificar o alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable. As tarefas enviaranse de igual maneira a ditos alumnos, para levar un rexistro das mesmas. Tratarase de localizar a este alumnado, enviando un correo persoal ás familias. No caso de que non se reciba resposta, trasladarase esta situación á titora, para buscar unha solución, e no caso de que esta situación continúe, elaborarse un plan específico do vínculo escolar e de reforzo dos contidos do terceiro trimestre de cara ao curso 2020/2021.</i></p> |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> - <i>Páxinas web.</i> - <i>Apps.</i> - <i>Correo electrónico.</i> |

| 4. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Todas as familias serán informadas mediante o correo electrónico do progreso de cada alumno/a. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |